

As arelas de um tronfo

I

Sinto arelas de ollarte pol-a praia
c-ô teu manto de anacres, joub, sirea!
onde o Tombo do Atlante se desmaia
e as bandas dos Tritoes se recrea.

x x x

Non me arreda o perigo da pelea
qu-escontra meu degaro xa s-ensua:
j Hei de ir cabo de ti pol-alb-areia
s-ê que arribas na lorna verdegaia!

x x x

Se finara as luitas c-ôs teus pretores,
non m-erixas nin túmulo nin lousa
que lle alumne do sol a lus eburna:

x x x

Sin vágoas, sin pregos, sin loubores
— a vida, sin ollarte, é pouca cousa —
j enterrame de noite en negra fuma!

II

Se vencera na luita, a machadazos,
- coma os nosos antergos de Briganza -
alento a certidume, teño a esperanza
de qu'estendas a min amigos brazos.

X X X

Enxoiadas de cunchas e de algazos,
as idornas da Soidá e a Venturanza,
co-a virazón da tarde, en boandanza,
â gloria levarán-nos dos teus pazos.

X X X

Cando arriben antramas âs orellas
dos peiraos da terra dos atlantes,
soltarémolle a drisa âs brancas velas;

X X X

anque penso, sirea, que, denantes,
ali-bei contar a outa istoria das procelas
de un gran povo Pastor de Navegantes:

III

- É unha xente arriscada, forte e boa,
que ven dende o Himalaia hastra Fis terra
o Eliseo buscando, en son de guerra,
pra impoñerlle a Breogán a coroa.

x x x

É unha raza que o Norde - cando zoa
sobre as fillas Irlanda e Ingraterra
encúmiolle ao Atlán a lus qu-encerra,
e que, ¡ sempre!, pra o ben, a sangue escor.

x x x

Pra esa estirpe que dón emperadores (1)
e n-as augas do Neruo aínda outea
do Noso Mar do Sol as ardentías,

x x x

sô che pido lle brindes teus favores
en pago do meu triunfo, ¡ ouh, sireas!
¡ Que lle ateques de peixe as súas rías!

Antón Zapata Jareño

Bôs Ais, xuño de 1949

(1) Teodosio (O Grande), emperador romano
Alfonso VII, primeiro emperador